

RESOLUCIÓN reitoral do 26 de marzo de 2025 pola que se publica a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para organizar cursos de extensión desta universidade no ano 2025 no campus de Vigo

De acordo coa base novena da Resolución reitoral do 27 de febreiro de 2025 mediante a cal se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2025, esta reitoría, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario,

RESOLVE:

1. Aprobar a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite para a organización de cursos de Extensión en 2025 no campus de Vigo (Anexo) e ordenar a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).
2. As persoas solicitantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas disporán dun prazo de cinco días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro electrónico, para emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión. Quen dentro do prazo sinalado non emende a exclusión ou alegue a omisión, xustificando o dereito a ser incluído/a na relación de solicitudes admitidas, será definitivamente excluído/a do proceso.
3. Para tal fin a persoa solicitante presentará a documentación xustificativa de emenda a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante do procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude inicial.

Na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo



CSV : GEN-0bee-478f-75df-0e57-3f84-56df-5366-1598

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 26/03/2025 13:16 | NOTAS : F

ANEXO

Cursos extensión 2025- Solicitudes admitidas a trámite – Campus Vigo

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto
Guillermo Calvo Hermo	Fai o teu propio satélite
Josefina Garrido González	Patrimonio natural e cultural do Bierzo (XIII): cara ó futuro coa (con)ciencia
Iria Vázquez López	Laboratorio dos sentidos II

Cursos extensión 2025- Solicitudes excluídas a trámite – Campus Vigo

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto	Motivo de exclusión
Alberto Abal Silva	Iniciación á arte 3D	6
Inmaculada C. Báez Montero	Lendo con mirada feminista: unha aproximación á crítica e teoría literaria feminista	1 / 2 / 4 / 5 / 6
María Sol Bravo Amaro	Enfrontarse as urxencias cardiovasculares dende o ámbito clínico e tecnolóxico	1 / 3 / 7
Luis Fernández Couñago	Git e GitHub: Control de Versións e Colaboración en Desenvolvemento de Software	1 / 6



Motivos de exclusión:

Número motivo	Lenda motivo exclusión	Documentación a presentar para emendar
(1)	Anexo II- Apartado B: "Ingresos por matrículas", cálculo erróneo	Presentar o Anexo II incluíndo a rectificación do importe de ingreso por matrículas Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior. <i>Exemplo de cálculo: 30 (prazas ofertadas) x 70% = 21 alumnos mínimo</i> <i>Ingreso por matrícula: 21x 0,7x 60 euros = 882</i>
(2)	Anexo II- Apartado B: na parte de ingresos non indica "Contribución da Universidade de Vigo"	Presentar o Anexo II incluíndo o importe que se solicita como "contribución da Universidade de Vigo" Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior
(3)	Anexo II- Apartado B: na parte de gastos, no campo "outros gastos" inclúe gastos de publicidade ou difusión singularizados	Presentar o Anexo II tendo en conta que non se financia gastos de publicidade. Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior
(4)	Anexo II- Apartado B: non coinciden importe ingresos e gastos	Presentar o Anexo II realizando a corrección indicada
(5)	Anexo II- Apartado C: non indica importe remuneración nin gastos viaxes da docente	Presentar o Anexo II realizando a corrección indicada, lembrar que o máximo de gastos viaxe por docente é de 400 euros. Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior
(6)	Secretaría do curso: ten que ser membro do colectivo de persoal técnico e de xestión de administración e servizos (PTXAS)	Presentar o Anexo I cumprimentando os campos "Datos da secretaría do curso" Presentar o Anexo II incluíndo a remuneración da secretaría. Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior
(7)	A suma dos ingresos non corresponde coa cantidade total indicada	Presentar o Anexo II realizando a corrección indicada Revisar que o importe de ingresos e gastos coincida unha vez realizada a corrección anterior

